

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O CINECLUBE LUMIÈRE VIGO PARA A COLABORACIÓN NA DIFUSIÓN DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL NA CIDADE DE VIGO EN 2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar co **Cineclub**
Lumiére Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que
abrange dende **a data da súa sinatura ata o 17 de decembro de 2020**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Que o obxecto deste convenio a colaboración na organización dun programa de difusión de
producción audiovisual na cidade de Vigo, cunha programación que se estenderá dende mediodas
de marzo ata o 17 de decembro de 2020, cun máximo de 30 semanas, a razón dun programa por
semana (exceptuando os meses de xullo e agosto), e ao longo das cales se proxectará un mínimo de
sete títulos de produción galega, así como unha escolma representativa da diversidade da
programación da sala de proxeccións do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) dos últimos meses.

Dentro desta programación incluírase un ciclo conmemorativo do Xacobeo 2021, que estará
composto por un mínimo de tres películas e un máximo de cinco e que se programará ao reiniciarse
as proxeccións tras o parón de xullo e agosto. Para as películas deste ciclo non rexerá a condición dun
único programa por semana.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Agadic considera necesario impulsar a relación entre os distintos axentes culturais galegos
no ámbito audiovisual, establecendo programas de cooperación con outros centros con fins
semellantes ou complementarios. A colaboración, neste caso, co Cineclub Lumiére Vigo
busca indicir nun maior coñecemento das artes da imaxe e posibilitar un enriquecemento e
variedade da oferta cultural na cidade de Vigo, polo que ambas as entidades consideran
esencial o establecemento de accións conxuntas durante o ano 2020 que profundicen na
promoción, potenciación e difusión do sector audiovisual a través da organización das
actividades obxecto deste convenio.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

